<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación) - Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación - Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns. - Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora - Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et - Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re

Contidos

- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
13	Getting to know you	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais	TI	100
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa		
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.
- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorno natural, tecnoloxías da infor
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Poñeráse en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas de temas históricos, literarios, sociais ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

A partir da distribución do alumnado na aula, promoveranse os agrupamentos en parellas e en pequenos grupos, así como o traballo colaborativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polas docentes.
Materiais de investigación e consulta.
Mapas xeográficos e históricos.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Textos literarios breves e fragmentos representativos para unha aproximación á literatura en galego e en castelán dende a Idade Media ata o século XIX.
Libros de lectura
Novelas históricas, gráficas, cómics...
Xornais
Recursos audiovisuais en inglés.
Portátiles Edixgal para o alumnado

Aula virtual do proxecto Edixgal.

Recursos dixitais do proxecto Edixgal

A plataforma que configura a aula virtual EDIXGAL utilizarase como centro de recursos e documentación para el alumnado. Ademais, este será un medio idóneo de conexión e comunicación entre as docentes e o alumnado en situacións non presenciais. Utilizaranse os recursos dixitais do proxecto Edixgal para a busca e selección da información por parte do alumnado e, por outra banda, esta ferramenta permitirá deseñar, grazas ás ferramentas que contempla, diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos. O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permitirán o reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorecerán tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

O materiais dixitais combinaránse cos materiais elaborados e seleccionados pola profesora que se detallan e se facilitarán como enlace e/ou impresos en papel no caso dos documentos escritos. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas orais e escritas de diferente índole: unha proba escrita inicial na que se avaliarán contidos gramaticais, literarios, de comprensión de textos e expresións escritas e, pola outra banda, desenvolverase unha avaliación máis lúdica e oral que nos permita coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen do ámbito social, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

No caso de alumnado que se incorpore ao longo de curso partírase dos informes da persoa titora do curso actual e realizarase unha entrevista co alumno/a para coñecer o seu punto de partida.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	10	15	15	10	1	3	3	4
Proba escrita	60	60	0	60	60	60	15	50	0	30
Táboa de indicadores	40	40	100	40	40	40	85	50	100	70

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	4	5	5	100
Proba escrita	10	45	0	44
Táboa de indicadores	90	55	100	56

Criterios de cualificación:

Debemos ter en conta o carácter modular do curso á hora de avaliar pois iso significa ter que integrar as disciplinas que conforman o módulo e, todo isto, dentro dun proceso de avaliación continua

En cada avaliación, ponderaranse dúas variables:

a) Proba/s escrita/s.

b) Traballos en clase, segundo táboas de indicadores (rúbricas, escalas de valoración, etc): redacción de textos escritos, elaboración de proxectos e exposicións orais, escritas e multimodais, elaboración dun diario de lecturas, formulación de dúbidas, proposta de accións, participación no traballo grupal con adecuación ás normas de cortesía lingüística, etc

Para a obtención da cualificación de cada avaliación, a ponderación efectuarase segundo as porcentaxes establecidas nas respectivas unidades didácticas. En liñas xerais os pesos dos instrumentos de avaliación na meirande parte das unidades didácticas é do 60% relativo ás probas escritas e o 40% das taboas de indicadores.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais, con aplicación do redondeo.

No caso específico do bloque de Comunicación en lingua inglesa a avaliación será continuada e progresiva:

-O primeiro trimestre terá un peso do 20% na cualificación final.

-O segundo trimestre terá un peso do 30% na cualificación final,

-O terceiro trimestre terá un peso do 50% na cualificación final.

Por outra banda, convén especificar que, como o ámbito lingüístico-social está impartido por dúas docentes, a cualificación correspondente ao bloque de Comunicación en lingua inglesa será o 25% da nota global en cada avaliación e na avaliación final, tal e como se describe nos pesos asignados no apartado 3.1. desta programación.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, o alumnado poderá recuperar realizando as tarefas e as probas escritas non superadas.

Para isto teránse en conta dous momentos de recuperación:

-o mes de xaneiro mediante a realización dunha proba escrita e a entrega das tarefas non superadas na primeira avaliación.

-o mes de abril, mediante a realización dunha proba escrita e a entrega das tarefas non superadas durante a segunda avaliación.

-o mes de xuño, mediante a realización dunha proba escrita e a entrega das tarefas non superadas con anterioridade.

A docente e o alumnado que necesite recuperar consensuarán as datas da proba escrita e da entrega de tarefas.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente do curso anterior terá un plan específico elaborado polo profesorado do departamento, que será desenvolvido ao longo do curso. O alumnado coa materia pendente realizará un conxunto de actividades semanais de repaso e recuperación e se supera o ámbito lingüístico social superará as materias pendentes de Xeografía e Historia, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura e Inglés.

6. Medidas de atención á diversidade

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e alumnas poñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes

capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas os individuos, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todos os/as estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral e outorgue experiencias de aprendizaxe significativas para todos e todas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e á súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmos.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumno ou alumna e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse cos demais. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírase a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.		X	X					
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X					
ET.8 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.				X	X	X		
ET.10 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS.					
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.					
ET.8 - Educación emocional.	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade.					
ET.10 - Fomento do espírito crítico e científico					

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao Museo de Pontevedra	Visita ao museo de Pontevedra para coñecer os elementos máis representativos da historia da provincia e do municipio.	X		
Rueiro histórico e visita ao Museo Municipal	Realización dunha excursión pola vila visitando diferentes partes históricas e visita ao museo municipal para coñecer os elementos máis representativos do municipio.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Teatro	Asistencia a unha representación teatral dunha obra traballada na aula		X	
Visita á Escola de Restauración de Bens Culturais	Visita á Escola de Restauración para poñer en valor a protección do patrimonio.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.
Metodoloxía empregada
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Clima de traballo na aula
Promoveuse un clima de traballo na aula baseado no respecto e a confianza
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existiu unha coordinación efectiva co equipo docente de xeito periodico
Informouse ás familias dos avances e as dificultades no procedemento de ensino-aprendizaxe de xeito periodico

Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos en táboas de observación ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica do Ámbito lingüístico-social estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todos os integrantes do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

9. Outros apartados